



ORIENTACIÓN



PROBA INTERZONAL DEPORTE ESCOLAR

PARQUE A CACHADA | BOIRO





INFORMACIÓN DOS PERCORRIDOS

- >> Como finalmente confirmamos, o nivel de participación de orientadores/as escolares na proba interzonal de Boiro vai a ser importante, chegando a superar os 400 inscritos. Isto é unha gran noticia e reflicte o alto grao de interese que o noso deporte desperta entre os educadores e, como non, entre os nenos e nenas que tiveron ocasión de experimentar nalguna ocasión esta práctica deportiva.
- >> Este feito, que non podemos máis que calificar positivamente, trae consigo, tamén, algunhas dificultades técnicas no que se refire á xestión dos participantes. Temos un tempo limitado para darlle a saída ós alumnos/as e o campo de xogo ten unhas dimensións bastante reducidas. Entre as solucións que se adoitan utilizar nestes casos están as saídas en masa (que descartamos para evitar os movementos masivos en grupo) e a utilización de **percorridos en bucles** que, finalmente, vai ser o formato que imos utilizar nos nosos percorridos.
- >> Este tipo de percorridos caracterízanse por utilizar controis polos que hai que pasar en máis dunha ocasión, formando unha especie de aneis. Con este formato, un participante xirará nun sentido do bucle e outro, da mesma categoría, en sentido contrario. O percorrido vai a ser o mesmo (distancia, dificultade,...) pero o sentido de xiro nos bucles cambia para cada competidor. Coa imaxe de exemplo que incluimos, pódese ver un percorrido no que se prepararon 2 bucles. Os/as orientadores/as A e B terán este mesmo percorrido pero, mentres que A xira en cada bucle nun sentido, B xira en sentido contrario ó do seu adversario.
- >> Aínda que a complexidade da proba non é alta, entendemos que este detalle, sumado a falta de experiencia na modalidade dos participantes, pode ser un handicap engadido para os nenos/as e favorecer erro na picada das balizas. Por iso, rogamos ós responsables de cada centro, que expliquen perfectamente como é o procedemento deste tipo de probas que pasa por:

VARIANTE A

VARIANTE B

CATEG.	0,9 km			
1	31	↗		✓
2	33	↘		↙
3	58	△		↘
4	34	↗		↘
5	37	⊗		
6	33	↘		↙
7	64	↗		↘
8	56	⊗		♀
9	53	↘		↘
10	50	↘		↘
11	64	↗		↘
12	36	⊗		
13	48	△		♀
14	35	▲		♀
15	38	⊗		♀
16	39	↗	↘	↘
17	100	↗	↘	↘





ORIENTACIÓN



PROBA INTERZONAL DEPORTE ESCOLAR

PARQUE A CACHADA | BOIRO



INFORMACIÓN DOS PERCORRIDOS

1

No momento de comezar a proba, dirixirse ata o símbolo de triángulo. Ese traxecto estará balizado con cinta. Nese tramo, o obxectivo é localizar o símbolo de triángulo debuxado no mapa, que me vai a axudar a localizarme.

2

Desde o triángulo, buscar o primeiro control e decidir correctamente a mellor opción para chegar a el. É indispensable seguir a orde das balizas indicada no mapa.

3

Antes de picar ningún control **COMPROBAR O CÓDIGO DA BALIZA**. Neste tipo de percorridos é moi fácil despistarse, pero si me paro un momento para comprobar o código de cada baliza, terei a seguridade necesaria para saber que a baliza que estou picando é realmente a do meu percorrido. No mapa de cada participante hai unha táboa coa descrición dos controis. Non é necesario coñecer toda a simboloxía pero sí é imprescindible atender á primeira e a segunda columna, que nos indican a orde da baliza e o seu código.

4

Non seguir a outro participante. A pesar de que compita na miña mesma categoría, é moi probable que o seu percorrido non sexa exactamente o que eu levo. Comproba o código de cada baliza!!.

5

Cando se pique a baliza, asegurarse de que a estación emite un pitido e se acende unha luz na mesma. Moitas veces, este paso non se realiza adecuadamente e, cando se descarga a tarxeta faltan picadas, o que provoca un **ERRO EN TARXETA**.

6

A proba non remata ata que se pica a estación **FINISH** (doble círculo no mapa) que é a que vai a pechar o cronometro da nosa carreira. Unha vez picada a estación **FINISH**, hai que ir a descargar a pinza e obter a nosa folla de resultados.